



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ªed)**

**Curso Académico: Curso 2020-2021**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ªed)
Mencións/Especialidades	Mención Xeografía Física e Territorio Mención Sociedade e Territorio Pode obterse o título sen mención
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240
Profesión regulada	NON
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2019/2020
Data acreditación ex ante (verificación)	5/8/2019
Data renovación acreditación	-----

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

O proceso de revisión do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio levou a unha revisión da súa estrutura que se materializa cando a 2ª Edición do Título obtén a acreditación o 5/8/2019 e comezou a súa implantación no curso 2019/2020, comezando polo 1º curso. As principais modificacións foron a ampliación de contados de Formación Básica mediante o desdoble de dúas materias esenciais (Xeografía Física e Xeografía Humana en dous cuatrimestres, ampliando así a 12 ECTS os contidos esenciais da Xeografía. Mellorouse o Módulo de Técnicas Instrumentais mediante o desdoble de materias específicas de Sistemas de Información Xeográfica para Xeografía Física e Xeografía Humana. E a principal modificación corresponde a posibilidade de obter mención de especialización mediante a oferta de materias optativas: Mención Xeografía Física e Territorio e Mención Sociedade e Territorio, aínda que existe a posibilidade de graduarse sen obter mención. Mediante esta modificación reforzase o carácter da Xeografía coma ponte entre as Ciencias Sociais e as Ciencias da Terra, cunha oferta máis atractiva para o posible alumnado, e ampliando notablemente as competencias profesionais dos egresados. No curso 2020-2021 implantouse o 2º curso

No ano académico 2020-2021 mantívose a oferta de 50 prazas (IN1G) A matrícula de novo ingreso por preinscripción foi de 54 (IN04G). Os estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas representa un 108% supoñendo un incremento dun 30% respecto ao curso 2019-20 (IN12G), e moi superior aos valores rexistrados na 1ª Edición. Deles *47 (o 87%) dos alumnos proceden das PAAU, 4 corresponden a FP e 3 a continuación de estudos por traslado de expediente (IN03G).*

A nota media de acceso mantense en torno a 7.7.23 (IN06G), sendo o 83.3% a porcentaxe de alumnos que acceden con nota igual o superior a 6 (IN07G).

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

Os módulos, materias e mencións que se ofertan no título de Xeografía e Ordenación do Territorio, tal e como figura na páxina web do centro e na publicación do BOE, correspondese na súa integridade cos que aparecían na Memoria de verificación do título (Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde do 5/08/2019 (DOG do 14/08/2019) Data de publicación no BOE: 8/07/2020. Corrección de erros 02/10/2020 <https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed>

A programación das Prácticas de Campo realízase tentando potenciar a coordinación entre diferentes materias, consideradas de suma importancia na titulación. A maioría realízase de xeito coordinado entre profesores de materias diferentes, conseguindo así entrelazar contidos, favorecendo así a interrelación entre o alumnado de diversos cursos. Por esta razón, o calendario de prácticas optimízase en cada cuatrimestre evitando o solape de datas tanto. Con respecto ao curso 2019-20, e pese a situación debida ao COVID, incrementouse o número de horas de Prácticas de Campo (un 60% das materias levaron a cabo Prácticas de Campo)

No ano de implantación a titulación recibiu un 2.5% de alumnos procedentes de programas de mobilidade, e a valoración dos alumnos saíntes foi alta 4.51 (IN15G) pese a que no curso 2020-2021 a participación en programas de mobilidade viuse afectada pola pandemia COVID.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analízase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorárase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorárase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

Continuando a labor de coordinación entre o profesorado da Edición anterior do Grado, se manteñen entre os docentes da titulación, coa fin de realizar unha distribución óptima da carga de traballo autónomo entre o alumnado ao mesmo tempo que evitar reiteracións de contidos das diferentes materias. Os labores de coordinación mantéñense mediante as aulas de coordinación no Campus Virtual, tanto de cada un dos cursos académicos coma do Grado.

Neste curso puxéronse en marcha reunións específicas dos docentes encargados de módulos específicos, concretamente do Módulo Teoría, Técnicas e Métodos Instrumentais, co fin de mellorar a continuidade e progresividade nos contidos das materias de carácter máis técnico.

Polo que respecta as programacións, (<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed>)

seguen o mesmo procedemento, de xeito que antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade do Centro, son revisados e contan coa informe favorable da Comisión de título, requisito que é imprescindible para a súa aprobación na Xunta de Facultade.

No que respecta ás PAE non existen datos, xa que no curso 2020-21 soamente se implantaron o 1º e 2º cursos, mentras que a participación en programas de mobilidade realízase durante os cursos 3º e 4º, e as PAE realízanse en 4º curso.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A titulación non conta cun perfil de acceso específico, se ben existe unha recomendación de que os alumnos cursen o Bacharelato de Ciencias Sociais

<https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed>

Ainda que non existen datos oficiais a través de enquisas coñécese que 56% do alumnado provén do Bacharelato de Humanidades e CC. Sociais, e un 28% do de Ciencias e Tecnoloxía. Mantense un certo problema de descoñecemento da realidade do Título. Polo tanto, é importante potenciar a divulgación da Titulación, e mellorar a captación de alumnos procedentes de outras modalidades de Bacharelato. Para elo persoal docente do Título está a participar en actividades de divulgación en diversos Centros de Ensino secundario, a través do Programa A Ponte da USC, ou a través de contactos particulares.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Toda a normativa da USC coma a correspondente á Facultade (TFG, PAE) tense adaptado dende a implantación dos Grados de Xeografía (1ª e 2ª Edicións), e non se detecta ningún impacto negativo nos resultados dos estudantes como consecuencia da súa aplicación.

Pola contra, se efectuaron algunhas modificacións que resultan beneficiosas na normativa referente aos TFG [https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/z\\_bB2YJINya3NHgFnZFpifTWXcSgjQ-iTEOUnj-g84Y/1635401101/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Modificaci%C3%B3ns%20Regulamentos%20TFG%20Xeograf%C3%ADa.pdf\\_asinado.pdf\\_.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/z_bB2YJINya3NHgFnZFpifTWXcSgjQ-iTEOUnj-g84Y/1635401101/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Modificaci%C3%B3ns%20Regulamentos%20TFG%20Xeograf%C3%ADa.pdf_asinado.pdf_.pdf)

A normativa se aplica e se verifica por parte das comisións Académicas e de Calidade.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

\*Toda a información sobre o Grado se atopa dispoñible e accesible dende a web da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos>) e dende a web da propia Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia>)

Información sobre o Grado: <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed>

Nela se atopan a estrutura por Cursos e por Módulos con acceso aos Programas das Materioas, Admisión, Recursos Materiais, Obxectivos e Competencias, Sidas Profesionais, Mobilidade e Prácticas e Información sobre TFG

Na web da Facultade se atopa toda a información sobre Calendarios, Horarios (por cursos, materias...) e dos docentes encargados, Programas de Mobilidade e TFG.

Tamen se dispon de información dos programas desenhados para a captación de alumnado, como é o programa "A Ponte entre o ensino medio e a USC", (Fonte.- <https://www.usc.gal/gl/perfis/futuros/aponte/index.html>) ou do programa de charlas informativas impartidas por profesorado do título nos seus centros de ensino dos futuros posibles estudantes, (<https://www.usc.es/gl/perfis/futuros/aponte/charlas-tematicas.html>). Así coma nos recentemente implantados Encontros Virtuais na USC (<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>)

Toda a normativa se atopa recollida e dispoñible na web da Facultade, tanto a xenérica da USC coma os Regulamentos específicos de Traballos de Fin de Grado e Prácticas Académicas Externas

Normativa de Xestión Académica:

<https://www.usc.gal/gl/normativa/orgdocente/index.html>

Normativa de Estudantes:

<https://www.usc.gal/gl/normativa/Alumnado/index.html>

Normativa PAE da Facultade de Xeografía e Historia:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/yXvthmsHVX6J738DBZFNBOYxpaoT0ResBxVAzxnklo/1635401128/public/paragraphs/moreinfo/2020-10/regulamento-pae-20181.pdf>

Normativa TFG:

Grao en Xeografía:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/FTDeTXZslphX2NmPcqND6gpQbTYPL1HjGswuXyZGzjU/1635401124/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Regulamento%20de%20TFG%20de%20Xeograf%C3%ADA%20e%20Ordenaci%C3%B3n%20do%20Territorio.pdf>

Modificacións aprobadas:

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/z\\_bB2YJINya3NHqFnZFPifTWXcSgJO-iTEOUj-](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/z_bB2YJINya3NHqFnZFPifTWXcSgJO-iTEOUj-)

[g84Y/1635401101/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Modificaci%C3%B3ns%20Regulamentos%20TFG%20Xeograf%C3%ADa.pdf\\_asinado.pdf](https://www.usc.gal/g1/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Modificaci%C3%B3ns%20Regulamentos%20TFG%20Xeograf%C3%ADa.pdf_asinado.pdf)

Tamen outra das formas de difusión e a que se fai no momento en que os estudantes xa se atopan xa matriculados, destinada aos que están a cursar o primeiro ano da titulación. Así na primeira semana, faise unha sesión informativa polos responsables do Grao (Equipa decanal, Coordinadores de Grao e de Curso, dirección do Dpto...), na que se lles explican os requisitos mínimos para a súa superación, as infraestruturas que poderán utilizar e o funcionamento do centro.

Finalmente, tamen na web do centro se informa dos acordos adoptados pola Xunta de Facultade (<https://www.usc.gal/g1/centro/facultade-xeografia-historia/arquivo>)

Toda a documentación (órganos, obxectivos e documentación) correspondente ao Sistema de Garantía da Calidade da Facultade se atopa dispoñible:

<https://www.usc.gal/g1/centro/facultade-xeografia-historia/calidade>

En función disto, en relación cos criterios acadados polo título desde os primeiros anos da súa implantación, mantense un nivel de información pública e unha política de transparencia que é viable grazas a mellora dos sistemas de información da Facultade e da titulación, ao tempo que o sistema organizativo derivado da mellora dos sistemas de transmisión da información propician que o alumnado se manteña plenamente informado das cuestións que poden afectar de xeito directo a titulación



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ten como marco de funcionamento o Sistema de Garantía de Calidade da USC, que aínda que comeza no curso 2010-11, aos poucos se ha ir adaptando e simplificando (<https://www.usc.gal/ql/servizos/calidade/index.html>)

Mais en concreto, o Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, achase sometido ao Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019 (<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc>)

Sistemas que permiten recoller e analizar a información necesaria para identificar e detectar as fortalezas e debilidades do título, así como realizar accións de mellora e o seguimento dos diferentes procesos adoptados.

Dispónse dun sistema garantía que evolucionou, simplificándose e adaptándose a realidade da Universidade e que foi implantado de forma progresiva. Nestes momentos queda pendente de realización o Plan Estratégico, en espera do deseno do novo da USC, así como a Mención de calidade da Facultade, o que implicaría un paso máis, ao tempo que facer unha simplificación do proceso, para acadar e garantir a calidade do propio centro e dos estudos que nel se imparten.

#### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración sobre a aplicación do SIGC é moi positiva xa que o sistema como se indicou, permite a detección de problemas, así como un seguimento real das diferentes medidas a adoptar para unha mellora efectiva do Grado de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como a revisión e actualización, en caso de ser necesario dos diferentes procedementos cos que se actúa nel ou dos diferentes actores que participan nela.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A cultura de calidade atopase presente no centro no que se imparte o título de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia. A composición dos distintos órganos do SGC da Facultade implica a todos os grupos de interese, e ocupase de identificar e as necesidades e expectativas de cada un deles, así como de poñer en marcha os procesos necesarios.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A 2ª Edición do Grado en xeografía afrontase coa mesma escaseza de recursos humanos e a sobrecarga en número de créditos e número de materias a impartir polo profesorado encargado, un problema case crónico na titulación. No segundo ano de implantación da 2ª Edición o profesorado encargado (que igualmente impartía docencia nos cursos 3º e 4º da 1ª Edición e en diversos Master) era de 1 catedrático, 8 titulares, 3 contratado doutor, 4 axudantes doutores LOU, 1 interino de sustitución a tempo parcial T3, 1 investigador Ramon y Cajal, 1 investigador Juan de la Cierva e 7 contratados pre e posdoutorais.

Os recursos humanos seguen a ser polo tanto precarios, xa que a carga docente segue a ser moi alta (o profesorado encargado da docencia no Grado imparten ademais materias en outros Grados e Master), e coa implantación no curso 2022-23 do 4º curso, e a oferta das materias optativas correspondentes ás mencións, a carga se verá notablemente incrementada, especialmente nalgunha das Areas.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

O persoal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Esta composto, tal e como figura na web do centro, por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativa do Centro (persoal de administración e servizo 3; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2, complementándose co que desenvolve a súa actividade laboral na Biblioteca da Facultade, no que realizan o seu labor tanto persoal técnico como auxiliar (10 membros)

(<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/directorio>)

Este persoal conta, ao igual que no caso do PDI, cun programa de formación propia ([https://www.usc.gal/gl/servizos/plan\\_pas/formacion/index.html](https://www.usc.gal/gl/servizos/plan_pas/formacion/index.html)), polo que presenta unha alta formación e experiencia.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia do Grao desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia, edificio que malia tratarse dunha construción histórica en fase de elaboración dun Plan Director, reúne as condicións adecuadas para a impartición do título. Esta condición de inmovible histórico patrimonial impón sen embargo serias limitacións nas posibles accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase a espera da súa rehabilitación e xestión integral. O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos as diferenzas de accesibilidade.

O edificio dispoñe de 19 aulas e 8 seminarios (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/equipamentos>)

Todos os espazos docentes están dotados de equipos informáticos, canón de proxección, conexión a internet e conexión wifi. No contexto da situación por mor da pandemia, instaláronse ademais equipos de videoconferencia adaptados en boa parte das Aulas.

A estrutura do Grado en Xeografía conta con un Módulo específico de Teoría, métodos e técnicas instrumentais con 7 materias orientadas á formación inicial en técnicas instrumentais (manexo de equipos de campo, laboratorio...), de uso de software específico..., concentrado nos primeiros cursos para a súa aplicación nos Módulos seguintes.

Para elo cóntase cun Laboratorio de Xeografía Física (compartido con Prehistoria e Arqueoloxía) dotado de equipamento necesario para a docencia e investigación: 2 estufas, horno mufla, balanzas analíticas, axitador rotativo, campá de gases (que polas características do edificio tivo que instalarse de filtro sen saída ao exterior), pH-metro, axitador calefactable, destilador, xogos de tamicos, 5 lupas binoculares e material de vidro e plástico). Boa parte do equipamento sen embargo xa conta con cerca de 15 anos, sendo previsible a necesaria substitución de algún dos equipos.

Cóntase con dúas Aulas de Informática, e recentemente se mellorou a instalación eléctrica no resto das Aulas para favorecer o uso de equipos portátiles polo alumnado.

A docencia no grao conta co software específico necesario para a docencia, especialmente Sistemas de Información Xeográfica mediante o convenio Site Campus asinado pola USC coa empresa ESRI, ademais de software libre (QGIS, SAGA, R...)

A Facultade adquiriu un receptor GNSS RTK centimétrico STONEX S700A, suplindo a carencia existente neste aspecto formativo, e permitindo unha notable mellora na formación no Grao de Xeografía, así coma en todos os demais niveis formativos.

Manter a calidade da formación impartida e a capacitación profesional dos alumnos precisa de dotarse de novos medios, especialmente dispor de sistemas de captura de datos fotograméticos mediante drones, da que inicialmente existe a vontade de adquisición por parte da Facultade.

Igualmente, as Prácticas de Campo son unha parte importantísima da formación no Grao de Xeografía e O.T. As limitacións orzamentarias, sen embargo, levaron a unha redución progresiva da financiación dispoñible. Considérase altamente necesario incrementar nos vindeiros anos a dotación orzamentaria para as Prácticas de Campo na titulación, especialmente tendo en conta o incremento progresivo de Prácticas de Campo solicitadas no Grao de Xeografía e O.T., que acadaron case un 80 % das materias.

No referente a recursos bibliográficos, a Biblioteca conta con 447 postos de lectura, con máis de 137000 monografías, revistas e outro material (microfilms, audiovisual, mapas...). Cóntase ademais co acceso ás coleccións de recursos dixitais de revistas en liña, libros electrónicos... (<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/xehisto/>)

Todos os servizos de orientación académica e profesional, así coma os de atención (documentación, cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes,..) tanto da USC coma na propia Facultade permiten ao alumnado orientarse en todos os aspectos académicos. A participación da Coordinación de Grao e de Cursos tamén mantén unha boa comunicación neste senso.

Xunto con estas infraestruturas e recursos, tamen e necesario indicar neste apartado os servizos disponibles na facultade para que o alumnado poda realizar as practicas academicas externas en diferentes institucionas, para os que se asinan mais de corenta convenios con diversas institucionas publicas e privadas ou empresas de Galicia (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas>)

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Todas as actividades, técnicas e metodoloxías que se empregan na docencia do Grao Xeografía e Ordenación do Territorio así como os sistemas de avaliación que se seguen, están vencelladas as competencias que o alumnado debe obter en cada unha das materias da titulación e nos seus respectivos cursos. A información referida a estes aspectos especificanse nas programacións das diferentes materias, no que figuran os obxectivos, contidos, bibliografía, competencias, metodoloxía do ensino-aprendizaxe, sistema de avaliación, tempo de traballo e recomendacións que o alumnado acada coa superación das mesmas

(<https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed>)

A organización en Módulos segue un criterio definido e ordenado, mantendo una secuenciación nos contidos e nas técnicas de análise. A iste respecto puxéronse en marcha reunións de coordinación dos docentes do Módulo Teoría, Métodos e Técnicas Instrumentais para reforzar a progresividade dos contidos.

A Tasa de Rendemento do 1º curso amosa un descenso dun 23.8% respecto ao 2019-20, mentras que, pola contra, no 2º curso a tasa aumenta ata un 85.4%, (IN34G). A Tasa de Éxito tamén descende no 1º curso respecto a 2019-20 nun 27%, se ben no 2º curso amosa un valor moi alto de 91.41% (IN35G). Un incremento semellante se rexistra na Tasa de Avaliación, que en 2019-20 no 1º curso rexistraba un valor de 77.97% mentras que no curso 2020-21 coa implantación do 2º curso da 2ª Ed. acada un valor de 80.14% (IN36G).

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ao considerar soamente os cursos 1º e 2º, non existen datos dos indicadores IN37G, IN38G, IN40G, IN41G e IN50G

#### **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Novamente ao considerarse soamente o 1º e 2º cursos so existen indicadores da satisfacción dos alumnos coa docencia recibida, cunha nota que mantén unha alta satisfacción: 4.38 (4.36 en 2019-20) (IN46G), incrementándose o numero de enquisas respostadas:38.04% respecto ao curso 2019-20 (IN48G).

Manténdose alta, si se detecta un descenso na satisfacción do profesorado 3.75 fronte a 4.30 en 2019-20 (IN47G)

#### **7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.



Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao considerarse soamente os cursos 1º e 2º non existen datos.

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E 1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E 2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E 3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E 4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/gao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed">https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/gao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed</a>
1,3	E 5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc</a>
1	E 6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E 8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2503949_P.Ind_2020-2021
			2503949_INF.16_2020-2021
			2503949_INF.CIUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de	2503949_P.Ind_2020-2021

		estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	5075_INF.03_2020-2021
2	E 9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="https://www.usc.gal">https://www.usc.gal</a> <a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia</a> <a href="https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed">https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2ed</a>
3	E 10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia</a>
3	E 11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade</a>
3,7	E 12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade</a>
3,7	E 13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2503949_P.Ind_2020-2021
			2503949_INF.04_2020-2021
			5075_INF.05_2020-2021
			2503949_INF.06_2020-2021
			2503949_INF.07_2020-2021
			2503949_INF.08_2020-2021
			2503949_INF.09_2020-2021
			5075_INF.10_2020-2021
			5075_INF.11_2020-2021

			2503949_INF.13_2020-2021
			2503949_INF.14_2020-2021
			5075_INF.21_2020-2021
			2503949_INF.22_2020-2021
			2503949_INF.23_2020-2021
			2503949_Informe_de_indicadores_2020-2021
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2503949_P.Ind_2020-2021
			2503949_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E 15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2503949_E15_2020-2021
4	E 16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2020-2021
4	E 17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	16	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_16-17_2020-2021
4	17	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_16-17_2020-2021
4	18	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2503949_INF.13_2020-2021
			2503949_INF.14_2020-2021
4	110	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_110_2020-2021
5	E 18	Información sobre os recursos materiais	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia</a>

		directamente relacionados co título	
5	E 19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia</a>
5	E 20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas</a>
5	I1 1	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas</a>
5	E 22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E 24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	<a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg</a>
6	E 25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2503949_INF.15_2020-2021
6	E 26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E 30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I1 2	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2503949_P.Ind_2020-2021
			2503949_INF.17_2020-2021
			2503949_INF.18_2020-2021
			2503949_INF.19_2020-2021
			2503949_INF_SIIU_2020-2021
			2503949_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I1 3	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2503949_P.Ind_2020-2021
			2503949_INF.CiUG_2020-2021
			2503949_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I1 4	Resultados de inserción laboral	2503949_EIL-SIIU_2020-2021 2503949_EIL-ACSUG_2020-2021

1,4,5	I1 5	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2503949_P.Ind_2020-2021 2503949_Informe_de_indicadores_2020-2021 2503949_MedUSC_2020-2021
-------	---------	---	---





